



Resolución do 1 de xuño de 2021 pola que se convoca ás persoas aprobadas no proceso de auxiliares de policía local convocado pola Orde do 29 de marzo ao acto de elección de posto.

O director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

RESOLVE

Convocar ás persoas incluídas no Anexo I á reunión presencial para elección de posto o vindeiro **2 de xuño de 2021 ás 09:00** horas no Salón de Actos da Agasp, e ás 30 primeiras persoas incluídas no Anexo II no mesmo lugar ás **11:00 horas**.

Segundo dispón a convocatoria na base 9.3.1. A Dirección da Agasp convocará as persoas aprobadas a unha reunión presencial para elixir posto, dentro dos comprendidas nesta convocatoria, por rigorosa orde da puntuación obtida no proceso selectivo.

Será de aplicación á elección de posto o establecido no artigo 19 bis.2 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que a elección de posto estará limitada ao non cumprimento do período máximo de contratación como persoal auxiliar de policía local, tanto no conxunto dos concellos como nos concellos cuxos postos están incluídos nesta convocatoria considerados individualmente.

No punto 9.3.2. establécese que as persoas aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante á reunión presencial para elixir posto ou renuncien expresamente, antes ou despois da elección, decaerán en calquera dereito en relación co proceso. Nos supostos de incomparecencia á reunión por causa de forza maior, debidamente acreditada e comunicada pola persoa aspirante con anterioridade á reunión, a elección efectuarase telefonicamente no mesmo acto e no posto que corresponda segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, para cuxo efecto a persoa aspirante deba designar o número de teléfono onde será localizada. En caso de incumprimento, decaerá no seu dereito.

As persoas aprobadas que comparezan na reunión, pero non acepten ou non elixan ningún dos postos obxecto da convocatoria que lles corresponda elixir, decaeran no seu dereito e pasarán a formar parte da listaxe de colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local no lugar que proceda pola súa puntuación.

Unha vez asignados os postos de acordo co previsto nesta base, a Dirección da Agasp publicará na súa páxina web a relación destas co nome das persoas ás cales foron adxudicadas e comunicaralles os datos destas aos concellos que correspondan, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso de formación.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Na Estrada, na data da sinatura electrónica

O director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública
Santiago Villanueva Álvarez

